



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E UN DE XANEIRO DE 2015, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Presidente:	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D ^a . MARGARITA DEVESA CARDELLE
	D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
	D ^a . MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
	D. ODÓN C. COBAS GARCÍA
	D ^a . LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
	D. JORGE CERDEIRA LOURO
	D ^a . BEATRIZ AMENAL JUNQUERA
	D ^a . CELIA ALEGRE MACEIRA
	D. JOSÉ ANTONIO POSE RODRÍGUEZ
	D. JOSÉ ALVELA EDREIRA
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e trinta minutos do día vinte e un de xaneiro de dous mil quince, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (29/12/2014).

Dáse conta da acta da sesión celebrada o vinte e nove de decembro do ano pasado, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Acordo, se procede, do Plan de aforro e investimento (PAI 2015).

Dáse conta das bases reguladoras do *Plan de aforro e investimento (PAI 2015)* aprobadas polo Pleno da Deputación con data 27/11/2014 e publicadas no BOP núm. 231/14, do 2 de decembro.

De acordo coas mesmas, propónse:

1º.- Participar no *Plan de aforro e investimento (PAI 2015)* da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación do préstamo provincial asignado á seguinte finalidade:

A) Redución de endebedamento:



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



ENTIDADE BANCARIA	NÚMERO PRÉSTAMO	PRÉSTAMO PROVINCIAL APLICADO Á MINORACIÓN DA DÉBEDA
BBVA	9.550.059.900	103.186,57
	TOTAL	103.186,57

B) Investimentos financeiramente sostíbles:

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO TOTAL	ACHEGA MUNICIPAL	PRÉSTAMO PROVINCIAL
Arranxo de fochas en Ponte Ulla, San Pedro de Vilanova e outros	32.866,32	0	32.866,32
Aglomerado tramo urbano en Ponte Ulla	59.735,03	7.692,34	52.042,69
TOTAL	92.601,35	7.692,34	84.909,01

Aprobar os correspondentes proxectos técnicos.

C)Resumo da aplicación do préstamo provincial:

	PRÉSTAMO PROVINCIAL
A)Redución de endebedamento	103.186,57
B) Investimentos financeiramente sostíbles	84.909,01
TOTAL	188.095,58

2º.- Solicitar autorización para levar a cabo a obra de *arranxo de fochas en Ponte Ulla, San Pedro de Vilanova e outros* pola administración.

3º.- Declarar que o concello conta cos terreos, autorizacións e concesións necesarias para a execución das obras.

4º.- Declarar que o concello conta no orzamento municipal do 2015 con crédito abondo na partida para o financiamento da achega municipal.

5º.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para a minoración da débeda ou para o financiamento dos investimentos financeiramente sostíbles para os que se vai aplicar o préstamo provincial asignado, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións, achegárase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6º.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7º.- Facultar expresamente ao Sr. Alcalde -Presidente para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

O Pleno, con doce votos a favor do PP, PSdG-PSOE e TEGA e unha abstención do BNG acorda aprobar a citada proposta.



3º.- Acordo, se procede, sobre correccións de erros no proxecto de Ampliación da rede de sumidoiros en San Xián e San Fins de Sales no POS 2015.

Solicítase a declaración de urxencia deste punto que se aproba por unanimidade.

De seguido dáse conta da comunicación da Deputación Provincial relativa a deficiencias detectadas no proxecto de *Ampliación da rede de sumidoiros en San Xián e San Fins de Sales, incluído no Plan de Obras e Servizos (POS 2015)*: o orzamento de execución material que figura en letra na memoria é diferente ao que figura en cifra e é incorrecto.

Unha vez corrixidas as deficiencias propónse aprobar de novo o proxecto.

O Pleno por unanimidade dos asistentes acorda aprobar o proxecto corrixido.

4º.- Dar conta da creación do Punto Xeral de entradas de facturas electrónicas.

Declárase a urxencia por unanimidade dos asistentes.

A Continuación dáse conta da creación do Punto Xeral de entrada de facturas electrónicas do concello de Vedra, que é obrigatorio a partir do 15 de xaneiro, en función do disposto na Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e da creación do rexistro contable de facturas no Sector Público (BOE núm. 311/13, do 28 de decembro), e da súa referencia na base 20ª das do orzamento municipal para o exercicio 2015, que quedará redactada do seguinte xeito:

“En función do disposto na Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e da creación do rexistro contable de facturas no Sector Público, en relación coa obriga dos provedores de presentación de facturas nos rexistros administrativos e co uso da factura electrónica, o concello de Vedra, acolléndose ao previsto no segundo parágrafo do artigo 4 da citada Lei, exclúe da obriga de facturación electrónica ás facturas cuxo importe sexa de ata 5.000 euros”.

O Pleno, por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar a citada inclusión.

5º.- Acordo, se procede, sobre moción do BNG para o correcto aproveitamento dos inmobles de propiedade municipal.

Dáse conta da moción presentada polo BNG sobre do correcto aproveitamento dos locais de propiedade municipal.

O Sr. Pose do BNG di que é un segundo intento de presentar esta moción, que xurde de novo despois de revisar as actas do plenos e do que aconteceu durante a lexislatura.

Expón que o Concello de Vedra ten unha das maiores ratios de asociacións per cápita de toda Galicia, existindo na actualidade edificios de titularidade municipal sen uso ou infrautilizados en franco deterioro, que teñen un custo substancial para o concello: mantemento, luz, auga...que en caso de estar cedidos a unha asociación sería



esta a que os asumise, e ademais existen liñas de financiamento para as asociacións ás que non poden acceder por non ter unha cesión de local por un período de 10 anos, acontecendo o paradoxo de que existen asociacións sen locais para desenvolver as súas actividades e edificios baleiros por culpa do concello.

Sinala tamén que tendo en conta a temporalización dos acontecementos no pleno do mes de novembro de 2013, despois de telo falado con anterioridade, o Sr. Alcalde comprometeuse a asignar estes edificios, en particular o Museo Etnográfico de Vedra e o antigo Centro de Saúde de Santa Cruz de Ribadulla, e en xuño de 2014 o propio Alcalde recoñeceu que nin sequera se puxera a estudar as solicitudes existentes, evitando a votación dunha moción idéntica á que se trae hoxe, para asignar os locais nun prazo de trinta días mediante a non votación favorable á urxencia, comprometéndose a ter unha Xunta de Voceiros para achegar propostas e adoptar solucións, que efectivamente se celebrou achegándose propostas por parte de todos os grupos políticos municipais e detectándose necesidades municipais.

Di ademais que a catro meses da celebración das eleccións municipais, e de aí a urxencia da moción, con locais municipais baleiros en proceso de deterioro, sen novas sobre da súa utilización ou cesión, adiando unha solución despois de tres anos de goberno, sabendo que o centro de saúde de Santa Cruz está en proceso, pero existen outros locais, fronte á posibilidade de que o desleixo do equipo de goberno derive nunha inacción da toma de decisións e ante a proximidade das eleccións, solicítase por segunda vez o voto favorable para a aprobación por parte do pleno da moción cos seguintes acordos:

1) Instar ao goberno municipal, que no prazo de quince días naturais solucione a cesión, ou o uso ao que quere dedicar os inmobles solicitados (incluíndo o tratado en comisión con respecto ao Museo Etnográfico).

2) Que, despois de tomar as decisións que considere adecuadas, as publique no boletín municipal (incluíndo o tratado en comisión con respecto ao Museo Etnográfico).

3) Finalmente, se o Goberno municipal considera que non é quen de tomar unha decisión adecuada sobre do uso dalgún local, que abra un proceso de adxudicación, solicitando a veciños e asociacións veciñais propostas de uso destes espazos. As bases do concurso serán pactadas en comisión, a resolución do concurso será antes de maio, e en todo caso permitirá a publicidade no boletín municipal previamente ao día 24 de maio.

Por último di que o dos 15 días pódese negociar, pero estamos ante un problema básico a piques de rematar a lexislatura, e que se trata de edificios municipais e a decisión é do Alcalde e do equipo de goberno.

A Presidencia anuncia que o voto do seu grupo vai ser en contra da urxencia, porque entende que se pode debater perfectamente no seguinte pleno, sobre todo porque nos dous casos concretos mencionados polo Sr. Pose, xa se adiantou bastante no tema ao que se poden destinar, e que se convocará unha Xunta de Voceiros e unha Comisión Informativa previa ao pleno para estudar o tema, e que en calquera caso, pola súa parte a moción queda presentada e como xa dixo se debaterá no pleno de febreiro.

O Sr. Cerdeira do PSdG-PSOE anuncia que o seu grupo vai votar a favor da urxencia baseándose nos argumentos expostos polo voceiro do BNG, e dado que ao



mellor non ten ocasión despois de votar a urxencia de expoñer a postura do seu grupo, faino a continuación.

Di que no seu día na Comisión Informativa o seu grupo manifestou o criterio de que aos edificios municipais se lles dea como primeira prioridade de uso as necesidades municipais e do conxunto do municipio ou do concello coma institución, e por outro lado fixeron unha proposta moi concreta para o Museo Etnográfico de Vedra en base a unhas necesidades importantes e urxentes que hai para custodiar a documentación en condicións axeitadas tanto do arquivo intermedio coma do histórico, para liberar tamén espazo na casa do concello, onde quedaría só o arquivo de xestión, e que podería ser utilizado ademais para outras finalidades complementarias de difusión cultural, cursos, e outras actividades mesmo expositivas, todas elas compatibles con esa primeira finalidade; polo que lle gustaría que á maior brevidade posible se acondicione ese espazo, se fagan os trámites e traslados necesarios para poñelo en funcionamento, que sería unha nova boa para todo o concello e para o grupo municipal no goberno, e dado que se está a rematar a lexislatura súmanse á parte da urxencia desta moción, e que máis alá das pretensións que poidan ter asociacións, que tamén necesitan espazos, pero hai outras solucións. Ese edificio ofrece esas posibilidades, ademais de estar preto da casa do concello, e existen esas necesidades municipais, co que sería unha pena desaproveitalo e cederllo a algunha asociación.

Por último di que o seu grupo votará a favor da urxencia da moción, e da postura que acaba de expoñer.

O Sr. Pose di que cando incide na moción no Museo Etnográfico de Vedra referíase ao exposto polo Sr. Cerdeira, pero solicita que se lle da publicidade ao que se vai facer con ese edificio, xa que non se pode ter un edificio podrecéndose, nin o arquivo municipal, posto que a historia do concello é de todos os veciños.

O Sr. Alveta de TEGA di que vai votar en contra da moción, por dous motivos: un deles posto que acaba de recibila agora mesmo, e non acostuma a votar un tema sen telo mirado antes; e en segundo lugar porque non ten constancia de que existan moitas asociacións que pidan locais, e en base ao exposto polo Sr. Cerdeira, que foi el quen fixo esa proposta na comisión informativa que aceptaron todos, posto que se trata dunha proposta absolutamente razoable para o uso dese edificio, pero di que cre que é mellor sentarse e debatelo aínda que sexa a costa dunha prórroga máis, posto que hai que recoñecer a tardanza que lle hai que imputar ao equipo de goberno, pero antes de falar de bases, concursos, ... hai que telo artillado entre todos.

Di que a partir de aquí hai que darlle un acelerón a este tema que, ao seu entender, nada ten que ver coas eleccións municipais, emprazando a que se poida resolver o antes posible, pero xa como última prórroga.

A Presidencia antes de proceder á votar a urxencia do asunto, quere matizar que nesa Comisión Informativa en relación ao Museo Etnográfico de Vedra chegaron todos a un acordo, bo para o concello e para os veciños; e no que se refire ao antigo Centro de Saúde de Santa Cruz xa está bastante adiantado cal pode ser o seu destino. Di que é certo que no edificio de Vedra cómpre facer unhas adaptacións, pero comunícalle que hoxe mesmo casualmente comezaron os traballos para proceder ao traslado do arquivo municipal a un sitio seco e seguro, mentres non exista ese lugar definitivo, e que en calquera caso, independentemente, do resultado da votación da urxencia, a moción



queda presentada, comprometéndose a convocar as reunións e comisións informativas para chegar a acordos e tratalo no pleno, que servirá de publicidade directa deste tema.

Posta a votación a urxencia rexeitase con sete votos en contra do PP e TEGA e seis a favor do BNG e PSdG-PSOE.

O Sr. Pose di que rexeitada a urxencia entende das palabras do Sr. Alcalde que o edificio do Museo Etnográfico de Vedra estará destinado a futuro centro do arquivo histórico do Concello de Vedra.

A Presidencia di que todos os grupos están de acordo nese tema.

6º.- Dar conta do período medio de pago do 4º trimestre de 2014.

O Sr. Secretario-Interventor da Corporación dálle conta ao Pleno da Corporación de que o período medio de pago a provedores do 4º trimestre do ano, calculado de acordo co establecido no Real Decreto 635/2014, do 25 de xullo, (BOE 184/14, do 30 de xullo), é de 18,12 días.

O Pleno dáse por informado.

7º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores.

--Á pregunta de dona Beatriz Amenal a Presidencia contéstalle que non se fixo o informe pero que está en marcha o proceso.

--Á pregunta do Sr. Pose do BNG sobre da convocatoria a empresarios a unha reunión un día antes de rematar o prazo de solicitude, a Presidencia cédelle a palabra ao Sr. Costa , que di que se se refire a unha reunión á que se invitaron algúns empresarios de Vedra para informalos da posibilidade de participar nun programa da escola oficial de turismo industrial, non eran axudas, e que pode dicirlle que segundo lle informaron os responsables destes programas xa eles enviaron información ás empresas, xa celebraran reunións informativas en distintos puntos da provincia, e o día antes á data desta reunión chamaron ao concello para contarlles todo iso e pedir a colaboración municipal para que participaran máis empresas, ao igual que fixeron cos GDR, xa que o prazo remataba dous días despois, e dado que este era un tema interesante e beneficioso para as empresas, e tamén gratuíto, ante a situación que acaba de expoñer, puxéronse en contacto co GDR- Terras de Compostela, e acordaron convocar a estes empresarios a unha reunión, trasladándolles ao mesmo tempo a información da que dispoñían.

Di ademais que nesa reunión se informou do programa e se puxeron á disposición das empresas interesadas os medios do GDR e do Concello para que ningunha empresa perdese a posibilidade de participar nesa convocatoria, e o resultado foi que varias das empresas que asistiron, participaron.

Polo tanto á pregunta de se lle parecía razoable avisar cun día antes, dille que nas condicións expostas si, posto que as opcións era ou pasar do tema, correndo o risco de que as empresas non tiveran a posibilidade de participar, ou facelo como se fixo, aínda que o desexable sería poder facelo con máis tempo non só polas empresas, senón tamén polo servizos técnicos municipais.



--Á pregunta do Sr. Cobas do PSdG-PSOE sobre do arranxo da estrada de Vedra a Santa Lucía, o Sr. Costa contéstalle que como xa lle respondeu o proxecto que está en contratación non contempla a conexión con esa rotonda, e como xa dixo tamén seguirán traballando para que esa estrada poida ter a conexión coa rotonda sempre que sexa factible.

---Á pregunta do Sr. Cobas sobre do illante do local social de San Pedro, a Presidencia contéstalle que teñen entendido que se lle deu un grosor de 2,5-3 mm, tal como figuraba no proxecto, que o xefe da brigada, Sr. Uzal non puido ir a comprobalo ao estar de vacacións, e que se intentou ir esta semana pero non se puido acceder ao local porque cambiaron a pechadura, pero que se fará tan pronto se poida.

--Sobre da pregunta do Sr. Cobas sobre do nomeamento como Alcalde Honorífico de Vedra a don Horacio Pegito, a Presidencia di que efectivamente hai uns meses uns veciños lanzáronlle a proposta de facerlle un recoñecemento oficial a este señor, e estudado o regulamento aprobado polo concello, e coñecidos os seus méritos, podería encaixar perfectamente a figura de Alcalde Honorífico, do que se falou con el durante a última viaxe a Arxentina, comentándolle que existe un regulamento e un procedemento, que se comezaría cos trámites necesarios e se someterá a consideración de todos os grupos políticos eses méritos.

--Ao rogo do Sr. Alvella para que se proceda á limpeza dos paneis informativos de entrada e saída do termo municipal, di que se fará o máis pronto posible.

8º.- Rogos e preguntas

--O Sr. Alvella de TEGA roga que ante a posibilidade que existe de ensanchar a estrada que vai da Gaiosa ao cruce de Sarandón, ou máis abaixo, urxiría convocar unha xuntanza cos propietarios dos terreos que dan á estrada para ver a posibilidade de dispor deles sen necesidades de acudir á expropiación, así como a posibilidade de construír beirarrúas no núcleo de Sarandón, e incluso dado que o abastecemento de auga está en Chao de Cartas que se meta o entubado.

A Presidencia di que está o Sr. Costa negociando o tema e que en breve convocará unha xuntanza cos propietarios dos terreos, posto que existe unha posibilidade de seguir ensanchando a estrada.

Conclúe ao fío das vinte e unha horas e dez minutos.